

Lei do 7 de Agosto de 1990, N. 241: Novas normas en materia do Procedemento Administrativo e do dereito de acceso ós documentos administrativos

A Cámara dos deputados e o Senado da República aprobaron;
O presidente da República promulga a seguinte lei:

Capítulo I
Principios

Art. 1. 1. A actividade administrativa persegue os fins determinados pola lei e réxese polos criterios de economía, de eficacia e de publicidade segundo as disposicións que regulen procedementos especiais.

2. A Administración pública non poderá agrava-lo procedemento se non é por extraordinarias e motivadas esixencias impostas polo desenvolvemento da instrucción.

Art. 2. 1. No caso de que o procedemento se siga obrigatoriamente a instancia de parte, ou deba iniciarse de oficio, a Administración pública ten o deber de concluílo mediante a adopción dunha resolución expresa.

2. As administracións públicas determinarán para cada tipo de procedemento, en canto non estea xa disposto por lei ou por regulamento, o prazo no que debe rematar. Este prazo vai desde o inicio de oficio do procedemento ou desde a recepción da solicitude se o procedemento é a instancia de parte.

3. No caso de que as administracións públicas non resolvan de acordo co disposto no parágrafo 2, o prazo será de trinta días.

4. As determinacións adoptadas de acordo co disposto no parágrafo 2 serán publicadas segundo o previsto polos ordenamentos específicos.

Art. 3. 1. Toda resolución administrativa, incluídas as referidas á organización administrativa, ó desenvolvemento dos concursos públicos e ó persoal, deben ser motivados, agás os casos previstos no parágrafo 2. A motivación debe indicar os supostos de feito e os fundamentos xurídicos que determinaron a decisión da Administración, en relación co resultado da instrucción.

2. Non se esixe motivación para os actos normativos nin para os de contido xeral.

3. Se os fundamentos da decisión resultan doutro acto da Administración ó que se remite a devandita decisión, xunto á comunicación desta última deberá indicarse e poñerse a disposición do interesado por mandato da presente lei, tamén o acordo ó que se remite.

4. En todo acto notificado, ó destinatario indicáraselle o prazo e o órgano anta o que é posible recorrer.

Capítulo II

Responsable do procedemento

Art. 4. 1. Cando non estea xa directamente establecido por leis ou por regulamentos, as administracións públicas están obrigadas a determinar, para cada tipo de procedemento relativo ós actos da súa competencia, a unidade organizativa responsable da instrucción e de calquera outro trámite procedemental, así como da adopción da resolución final.

2. As disposicións adoptadas, de acordo co expresado no parágrafo 1, publicaranse segundo o previsto polos ordenamentos específicos.

Art. 5. 1. O xefe de servizo de calquera das unidades administrativas pode asignarse a si mesmo ou atribuírle a outro subordinado da unidade, a responsabilidade da instrucción ou de calquera outro trámite inherente a cada procedemento, así como, eventualmente, a adopción da resolución final.

2. Ata que non se efectúe a asignación prevista no parágrafo 1, considérase responsable do procedemento en concreto o funcionario encargado da unidade administrativa determinada, segundo o disposto no parágrafo 1 do artigo 4.

3. Comunicarase a unidade administrativa competente e o nome do responsable do procedemento a todos aqueles suxeitos citados no artigo 7 e, por petición, a calquera que tivese interese.

Art. 6. 1. O responsable do procedemento:

a) valorará, para os fins da instrucción, as condicións de admisibilidade, os requisitos de lexitimación e os presupostos que sexan relevantes para a adopción da resolución;

b) comprobará de oficio os feitos, dispoñendo a execución dos actos necesarios para este fin, e adoptará calquera medida para o adecuado e pronto desenvolvemento da instrucción. En particular, poderá esixir a toma de declaracións e a rectificación das declaracións ou instancias incorrectas ou incompletas e pode practicar comprobacións técnicas e inspeccionar e ordenar a exhibición de documentos;

c) propondrá a convocatoria ou, se ten competencia, reunirá a conferencia de servizos prevista no artigo 14;

d) estará ó coidado das comunicacións, as publicacións e as modificacións previstas polas leis e polos regulamentos;

e) adoptará, cando teña competencia para iso, a resolución final, ou ben transmitiralle o expediente ó órgano competente para a adopción da resolución.

Participación no Procedemento Administrativo

Art. 7. 1. Cando non concorran razóns que o impidan derivadas das particulares esixencias de celeridade do procedemento, comunicarse o comezo do dito procedemento, nas formas previstas no artigo 8, ós suxeitos, ós que lles poida producir efectos directos a resolución final e a todos aqueles que por lei deban intervir. Igualmente cando non concorran as razóns de impedimento antes citadas, no caso de que dunha resolución se puidese derivar dano a suxeitos individuais ou facilmente individualizables, distintos dos seus directos destinatarios, a Administración ten a obriga, do mesmo xeito, de comunicarlle-lo comezo do procedemento.

2. Nos casos previstos polo parágrafo 1 queda a salvo a facultade da Administración de adoptar medidas cautelares, mesmo antes da efectuación das comunicacións previstas no parágrafo 1.

Art. 8. 1. A Administración comunicará o comezo do procedemento mediante comunicación persoal.

2. Na comunicación deben estar indicados:

- a) a Administración competente;
- b) o obxecto do procedemento promovido;
- c) o dependencia e a persoa responsable do procedemento;
- d) a dependencia en que se poden consulta-los actos.

3. En caso de que polo número de destinatarios a comunicación non sexa posible ou resulte particularmente gravosa, a Administración informará dos elementos previstos no parágrafo 2 mediante formas de publicidade idóneas periodicamente establecidas pola propia Administración.

4. A omisión dalgunha das comunicacións indicadas pode ser alegada só polo suxeito a favor do cal a comunicación estea prevista.

Art. 9. 1. Calquera suxeito, portador de intereses públicos ou privados, así coma os portadores dos intereses difusos constituídos en asociacións ou agrupacións, ós que poida prexudicalla resolución, teñen a facultade para intervir no procedemento.

Art. 10. 1. Os suxeitos citados no artigo 7 e os intervinientes previstos no artigo 9 teñen dereito a:

- a) consulta-los expedientes administrativos, agás o previsto no artigo 24;
- b) presentar alegacións escritas e documentos, que a Administración ten a obriga de valorar se son pertinentes para o procedemento.

Art. 11. 1. En acollendo as observacións e propostas presentadas previstas no artigo 10, a Administración actora pode establecer, sen prexuízo dos dereitos de terceiros, e en todo caso na procura do interese público, acordos cos interesados co fin de determina-lo contido discrecional da resolución final, ou incluso nos casos previstos pola lei, en substitución daquel.

2. Os acordos ós que se refire o presente artigo deben ser formulados, so pena de nulidade, por escrito, salvo que a lei dispoña outra cousa. Aplicaráselles, cando non haxa disposición en contra, os principios do Código civil en materia de obrigas e contratos en canto que sexan compatibles con estes.

3. Os acordos substitutivos das resolucións estarán suxeitos ós mesmos controles previstos para estas últimas.

4. Por motivos sobrevidos de interese público a Administración poderá rescindir unilateralmente o acordo, sen prexuízo da obriga de proceder á liquidación dunha indemnización en relación cos eventuais prexuízos causados en detrimento do particular.

5. As controversias en materia de preparación, conclusión e execución dos acordos previstos no presente artigo reserváranse á xurisdicción exclusiva do xuíz administrativo.

Art. 12. 1. A concesión de subvencións, axudas, subsidios e auxilios financeiros e a atribución de vantaxes económicas de calquera xénero a persoas e entes públicos están subordinados á determinación e á publicación por parte das administracións actoras, nas formas previstas nos respectivos ordenamentos, cos criterios e modalidades ás que estas administracións deban suxeitarse.

2. A efectiva observancia dos criterios e das modalidades previstas no parágrafo 1 debe resultar das resolucións específicas relativas ás intervencións previstas no parágrafo 1.

Art. 13. 1. As disposicións contidas no presente capítulo non se aplicarán no desenvolvemento da actividade da Administración pública dirixida á emanación dos actos normativos, administrativos xerais, de planificación e de programación, para os que seguen vixentes as normas especiais que regulan a súa elaboración.

2. Estas disposicións tampouco se lles aplicarán ós procedementos tributarios polo que quedan igualmente vixentes as normas específicas que os regulan.

Capítulo IV

Simplificación da acción administrativa

Art. 14. 1. Sempre que sexa oportuno efectuar un exame conxunto dos variados intereses públicos que concorrentes nun

procedemento administrativo, a Administración actora convocará como regra unha Conferencia de Servicios.

2. Esta mesma conferencia poderá ser convocada tamén cando a Administración actora deba obter con doutras administracións públicas acordos, convenios, manifestacións de conformidade ou visto e prace calquera que sexa a súa denominación. Neste caso as resolucións acordadas na conferencia entre tódalas administracións intervenientes substitúen os actos antes anunciados.

3. Considerarase outorgada a conformidade da Administración que, convocada regularmente, non participase na conferencia ou participase por medio de representantes sen competencia para expresar definitivamente a vontade, salvo que esta lle comunique á Administración actora o seu desacordo motivado no prazo de vinte días a partir da dita Conferencia ou da data de recepción da comunicación das resolucións adoptadas, cando estas últimas presenten un contido substancialmente diferente do orixinariamente previsto.

4. As disposicións previstas no parágrafo 3 non se aplican ás administracións encargadas da tutela ambiental, paisaxístico-territorial e da saúde dos cidadáns.

Art. 15. 1. Ademais das hipóteses previstas no artigo 14, as administracións públicas poden sempre concluír entre elas acordos para regula-la colaboración no desenvolvemento de actividades de interese común.

2. Para estes acordos observaranse, na medida en que sexan aplicables, as disposicións previstas no artigo 11, nos parágrafos 2, 3 e 5.

Art. 16. 1. Cando obrigatoriamente deba ser oído un órgano consultivo, este debe emiti-lo seu informe dentro do prazo fixado polas disposicións legais ou regulamentarias ou, senón, non máis tarde dos noventa días da recepción da solicitude.

2. No caso de transcorre-lo prazo sen que se comunique o informe ou sen que o órgano requirido solicitase a práctica de dilixencias, será facultade da Administración solicitante proceder á marxe da obtención do informe.

3. As disposicións previstas nos parágrafos 1 e 2 non se aplican en caso de informes que deban emiti-las administracións encargadas da tutela ambiental, paisaxístico-territorial ou da saúde dos cidadáns.

4. No caso de que o órgano requirido executase ou solicitase a práctica de dilixencias ou mesmo ante a imposibilidade, debida á natureza do asunto, de respecta-lo prazo xeral previsto no parágrafo 1, este último comeza a transcorrer novamente, por unha soa vez, no momento da recepción, por parte do mesmo órgano, das informacións ou dos documentos solicitados, ou ben desde o seu primeiro vencemento.

5. Cando o informe sexa favorable, sen observacións, a parte dispositiva comunicárase telegraficamente ou con medios telemáticos.

6. Os órganos consultivos do Estado establecerán procedementos de especial urxencia para a adopción dos informes que lles soliciten.

Art. 17. 1. Onde por disposición expresa das leis ou dos regulamentos estea previsto que para a adopción dunha resolución deban ser obtidos con carácter previo os informes técnicos dos órganos ou dos entes específicos e estes órganos non executan ou non solicitan a práctica de dilixencias que sexan de competencia da Administración actora nos prazos prefixados pola mesma disposición ou, senón, en noventa días contados desde a recepción da solicitude, o responsable do procedemento debe solicitar as devanditas valoracións técnicas a outros órganos da Administración pública ou ós entes públicos que estean dotados de cualificación e capacidade técnica equivalente, ou mesmo a institutos universitarios.

2. A disposición prevista no parágrafo primeiro non se aplica no caso de que os informes deban ser emitidos pola Administración encargada da tutela ambiental, paisaxístico-territorial e da saúde dos cidadáns.

3. En caso de que o ente ou ben o órgano requirido solicítase a práctica de dilixencias á Administración actora, aplícase o previsto no parágrafo 4 do artigo 16.

Art. 18. 1. No prazo de seis meses desde a data de entrada en vigor da presente lei as administracións interesadas adoptarán as medidas organizativas idóneas para garanti-la aplicación das disposicións en materia de autocertificación e de presentación de actos e documentos por parte dos cidadáns ás administracións públicas segundo o previsto na Lei do 4 de xaneiro de 1968, n. 15, e as súas posteriores modificacións e integracións. As administracións comunicaránlle as medidas adoptadas á comisión prevista no artigo 27.

2. En caso de que o interesado declarase que os feitos, estados e cualidades están acreditados en documentos que obran xa en poder da Administración, o responsable do procedemento procederá de oficio á obtención destes documentos ou de copia deles.

3. Igualmente serán verificados de oficio polo responsable do procedemento os feitos, os estados e as cualidades que a propia Administración actora ou outra Administración pública estea obrigada a certificar.

Art. 19. 1. Polo regulamento adoptado de acordo co parágrafo 2 do artigo 17 da Lei do 23 de agosto de 1988, nº 400, que deberá publicarse no prazo de noventa días a partir da entrada en vigor da presente lei e tralo informe das comisións parla-

mentarias competentes, determinaranse os casos nos que o exercicio dunha actividade privada, condicionado á autorización, licenza, habilitación, aprobación, permiso ou calquera outra manifestación de conformidade, calquera que sexa a súa denominación, pode iniciarse coa comunicación do inicio desta actividade por parte do interesado á Administración competente. Nestes casos corresponde á Administración competente verificar de oficio a subsistencia dos presupostos e dos requisitos solicitados pola lei e ordenará, de se-lo caso, mediante resolución motivada, a prohibición de que continúe a actividade e o cesamento dos seus efectos, salvo que, cando isto sexa posible, o interesado proceda a adaptar á normativa vixente esta actividade e os seus efectos dentro dos prazos prefixados pola propia Administración.

2. O regulamento previsto no parágrafo 1 determina os casos en que se lle pode dar comezo á actividade inmediatamente despois da comunicación, ou ben tralo transcurso dun prazo prefixado para as categoría de actos, en relación coa complexidade das comprobacións requiridas.

3. Co fin da adopción do regulamento que prevé no parágrafo 1, os informes das comisións parlamentarias e do Consello de Estado deben emitirse no prazo de sesenta días desde a solicitude. Transcorrido este prazo, o Goberno procederá, en todo caso, á adopción do acto.

4. As disposicións do presente artigo aplicaranse nos casos en que a manifestación da conformidade da Administración dependa exclusivamente da verificación dos supostos de feito e dos requisitos prescritos, sen que sexa necesaria a práctica de probas ó respecto, nin estea previsto ningún límite ou suposto obrigatorio para a aprobación do acto e en todo caso sen que poida derivar prexuízo da tutela dos valores históricos-artísticos e ambientais e sexan respectivamente as normas de tutela das traballos no centro de traballo.

5. Seguen sendo aplicables as normas actualmente vixentes que establecen regras análogas ou equivalentes ás previstas no presente artigo.

(*) **Art. 20.** 1. O regulamento previsto no parágrafo 2 do artigo da Lei do 23 de agosro de 1988, nº400, que deberá aprobarse no prazo de noventa días desde a entrada en vigor da presente lei tralo informe da comisión parlamentaria competente, determinará os casos nos que a solicitude de obtención dunha autorización, licenza, habilitación, aprobación, permiso ou manifestación de conformidade, calquera que sexa a súa denominación, ós que estea suxeito o exercicio dunha actividade privada, considérase admitida cando non se lle teña comunicado ó interesado a resolución de denegacións dentro do prazo fixado polo regulamento citado, para as categorías de actos segundo a complexidade do respectivo procedemento.

Nestes casos, se subsisten as razóns de interese público, a

(*) O texto italiano orixinal presenta dúas versións do artigo 20, unha con 5 parágrafos e outra con tres. Traducimos aquí a versión máis longa e indicamos en cursiva os parágrafos que non aparecen na outra versión.

Administración competente pode anula-lo acto de conformidade ilexítimamente producido, salvo que cando isto sexa posible, o interesado proceda a subsana-los vicios no prazo que fixe a Administración.

2. *De acordo co regulamento e co parágrafo 1 onde veñen indicados os casos en que se pode dar inicio á actividade inmediatamente despois da presentación da notificación, ou ben tralo transcurso dun prazo fixado pola categoría dos actos, en relación coa complexidade das verificacións solicitadas.*

3. Co fin da aprobación do regulamento previsto no parágrafo 1, o informe da Comisión parlamentaria e do Consello de Estado debe ser entregado nun prazo de sesenta días a solicitude. Transcorrido este prazo, o Goberno procederá en todo caso, á aprobación do acto.

4. *As disposicións do presente artigo aplícanse nos casos en que a expedición do acto de aprobación por parte da Administración dependa exclusivamente da comprobación dos supostos de feito e dos requisitos prescritos, sen que se realicen probas destinadas a isto, non estea previsto ningún prazo ou continxente total para a aprobación do propio acto e, en todo caso, non se poida derivar prexuízo para a tutela dos valores histórico-artísticos e ambientais e se respecten as normas de tutela dos traballadores e dos centros de traballo.*

5. Seguen sendo aplicables as normas actualmente vixentes que establecen regras análogas ou equivalentes ás previstas no presente artigo.

Art. 21. 1. Coa comunicación ou coa solicitude previstas nos artigos 19 e 20 o interesado debe declara-la subsistencia dos supostos de feito e dos requisitos esixidos pola lei. En caso de declaracións dolosas ou de falsas certificacións non se aceptará a adecuación da actividade e dos seus efectos á lei ou á subsanación prevista nos devanditos artigos e o declarante será castigado coa sanción prevista no artigo 483 do Código penal, salvo que o feito constituía un delito máis grave.

2. As sancións previstas habitualmente en caso de exercicio da actividade carecendo da conformidade da Administración ou en contradición con ela aplicaranse tamén a aqueles que dean comezo á actividade de acordo cos artigos 19 e 20 faltando os requisitos esixidos ou, en todo caso, en contradición coa normativa vixente.

Capítulo V

Acceso ós documentos administrativos

Art. 22. 1. Co fin de asegura-la transparencia da actividade administrativa e de favorece-lo seu exercicio imparcial recoñeceráselle a calquera que teña interese na tutela de situacións xuridicamente relevantes o dereito de acceso ós docu-

mentos administrativos, segundo as modalidades establecidas na presente lei.

2. Considérase documento administrativo toda representación gráfica, fotocinematográfica, electromagnética ou de calquera outra especie do contido dos actos, mesmo internos, producidos pola Administración pública, ou en todo caso utilizados ó servizo da actividade administrativa.

3. No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente lei as administracións interesadas adoptarán as medidas organizativas idóneas para garanti-la aplicación das disposicións previstas no parágrafo 1, comunicándoas á comisión prevista no artigo 27.

Art. 23. 1. O dereito de acceso previsto no artigo 22 exercítase en relación coa Administración do Estado, incluídos os organismos autónomos, os entes públicos e os concesionarios de servizos públicos.

Art. 24. 1. O dereito de acceso está excluído para os documentos amparados polo segredo de Estado de acordo co artigo 12 da Lei do 24 de outubro de 1977, n. 801, así coma nos casos de segredo ou de prohibición de divulgación previstos polo ordenamento.

2. O Goberno está autorizado para aprobar, de acordo co parágrafo 2 do artigo 17 da Lei do 23 de agosto de 1988, n. 400, no prazo de seis meses desde a data de entrada en vigor da presente Lei, un ou máis decretos dedicados a regula-las modalidades de exercicio do dereito de acceso e os outros casos de exclusión do dereito de acceso en relación coa esixencia de salvagardar:

a) a seguridade, a defensa nacional e as relacións internacionais;

b) a política monetaria e de divisas;

c) a orde pública e a prevención e represión da criminalidade;

d) a intimidade de terceiros, persoas, grupos e empresas, garantíndolles ademais ós interesados a vista dos actos relativos ós procedementos administrativos, dos que o seu coñecemento sexa necesario para velar ou para defende-los seus intereses xurídicos.

3. Nos decretos previstos no parágrafo 2 estableceranse ademais as normas específicas para asegurar que o acceso ós datos recollidos con medios informáticos se realice respectando as esixencias previstas no mesmo parágrafo 2.

4. Cada unha das administracións ten a obriga de especificar, con un ou máis regulamentos que deben publicarse no prazo de seis meses, as categorías dos documentos que teñan producido, ou, en todo caso, que estean á súa disposición e se atopen substraídas ó acceso polas esixencias previstas no parágrafo 2.

5. Seguen vixentes as disposicións previstas polo artigo 9 da Lei do 1 de abril de 1981, n. 121, segundo a modificación do artigo 26 da Lei do 10 de outubro de 1986, n. 668, e das correspondentes normas de actuación, así coma calquera outra disposición vixente que limite o acceso ós documentos administrativos.

6. Os suxeitos indicados no artigo 23 terán a facultade de retrasa-lo acceso ós documentos solicitados mentres o coñecemento deles poida impedir ou obstaculizar gravemente o desenvolvemento da acción administrativa. Así mesmo non se permitirá o acceso ós actos preparatorios no proceso de elaboración das resolucións previstas no artigo 13, salvo disposición contraria da lei.

Art. 25. 1. O dereito de acceso exercitase mediante un exame e extracción de copia dos documentos administrativos, nas formas e cos límites indicados pola presente lei. O exame dos documentos é gratuito. A obtención de copias está suxeita só o reembolso do custo de reprodución, sen prexuízo das disposicións vixentes en materia de timbre, así como os dereitos de investigación e de visado.

2. A solicitude de acceso ós documentos debe ser motivada. Deberá dirixirse á Administración que produciu o documento ou que dispoña del habitualmente.

3. O rexeitamento, o aprazamento e a limitación do acceso admitiránse nos casos e cos límites establecidos polo artigo 24 e deberán ser motivados.

4. Transcorridos sen resposta trinta días desde a solicitude, esta enténdese rexeitada.

5. En contra das resolucións administrativas que atinxen ó dereito de acceso e nos casos previstos no parágrafo 4 pódese presentar recurso, no prazo de 30 días, perante Tribunal Administrativo Rexional, que decide en Cámara do Consello no prazo de trinta días desde o vencemento do prazo para a presentación do recurso, despois de escoita-los defensores que o interpuxeran. A sentenza do Tribunal pódese apelar, nun prazo de trinta días desde a notificación da mesma, ó Consello do Estado, que decide segundo as mesmas formas e nos mesmos prazos.

6. En caso de total ou parcial estimación do recurso o xuízo administrativo, subsistindo os supostos de feito que o motivaron, ordenará a exhibición dos documentos solicitados.

Art. 26. 1. Sen prexuízo do previsto para a publicación na "Gaceta Oficial da República Italiana" da Lei do 11 de decembro de 1984, n. 839, e polas normas de desenvolvemento correspondentes, publicaranse, segundo as modalidades previstas polos ordenamentos especiais, as directrices, programas, instrucións, circulares e todo acto que afecte en xeral á organización, ás funcións, ós obxectivos e ós procedementos dunha Admi-

nistración pública ou ben onde se determine a interpretación dunha norma xurídica ou dicten disposicións para a aplicación das mesmas.

2. Publicaranse, ademais, na forma precedente, os informes anuais da comisión prevista no artigo 27 e, en xeral, daráselle a máxima publicidade a tódalas disposicións e desenvolvementos da presente lei e a tódalas iniciativas dirixidas a precisar e facer efectivo o dereito de acceso.

3. Coa publicación prevista no parágrafo 1, cando esta sexa íntegra, a liberdade de acceso ós documentos indicados no antedito parágrafo 1 enténdese realizada.

Art. 27. 1. Crearase, dependente da Presidencia do Consello de Ministros a Comisión para o acceso ós documentos administrativos.

2. A comisión será nomeada por decreto do presidente da República, a proposta do presidente do Consello de Ministros, tras escoita-lo Consello de Ministros. Esta estará presidida polo vicesecretario de Estado para a Presidencia do Consello de Ministros e estará composta por dezaseis membros, entre os que haberá dous senadores e dous deputados designados polos presidentes das respectivas cámaras, catro escollidos de entre o persoal previsto na Lei do 2 de abril de 1979, n. 97, por designación dos respectivos órganos de autogoberno, catro entre os profesores de carreira en materia xurídico-administrativa e catro entre os xefes de servizo do Estado e doutros entes públicos.

3. A Comisión será renovada cada tres anos. Os membros parlamentarios serán nomeados de novo en caso de disolución ou elección anticipada da Cámara no transcurso do trienio.

4. Os gastos para o funcionamento da comisión están a cargo dos presupostos da Presidencia do Consello de Ministros.

5. A comisión viviará a aplicación do principio de plena publicidade das actividades da Administración pública respectando os límites fixados pola presente lei; elaborará un informe anual sobre a transparencia da actividade da Administración pública, que llo comunicará ás cámaras e ó presidente do Consello de Ministros; proporalle ó Goberno as modificacións dos textos legislativos e regulamentarios que sexan útiles para alcanzar a máis ampla garantía do dereito de acceso previsto no artigo 22.

6. Tódalas administracións están obrigadas a comunicar á comisión, no prazo asignado pola mesma, as informacións e os documentos solicitados por esta, con excepción daqueles amparados polo segredo de Estado.

7. En caso de prolongado incumprimento da obriga referida no parágrafo 1 do artigo 18, as medidas alí previstas serán adoptadas pola comisión prevista no presente artigo.

Art. 28. 1. O artigo 15 do texto único das disposicións que atinxen ó estatuto dos empregados civís do Estado, aprobado por Decreto do presidente da República o 10 de xaneiro de 1957, n.3, substitúese polo seguinte:

“art. 15. (Segreto de oficio, profesional), 1. O empregado debe mante-lo segredo de oficio. Non poderá transmitir a quen non teña dereito ás informacións referentes ás resolucións ou actuacións administrativas, en curso ou concluídas, ou ben informacións das que teña coñecemento a causa das súas funcións, fóra dos supostos e das modalidades previstas pola norma sobre o dereito de acceso. No ámbito das propias atribucións, o funcionario encargado dunha dependencia expedirá copia e extractos dos actos e dos documentos de oficio nos casos non prohibidos polo ordenamento”.

Capítulo VI **Disposicións finais**

Art. 29. 1. As rexións con Estatuto ordinario regularán as materias na presente lei respectando os principios deducibles das disposicións contidas nesta, que constitúen principios xerais do ordenamento xurídico. Estas disposicións serán de aplicación directa nestas rexións ata o momento en que legislen sobre esta materia.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, as rexións con Estatuto especial e as provincias autónomas de Trento e Bolzano procederán a adecua-los respectivos ordenamentos ás normas fundamentais contidas na presente lei.

Art. 30. 1. En tódolos casos en que as leis e os regulamentos preveñan actos de notoriedade ou declaracións acreditadas por testemuñas, calquera que fose a súa denominación, o número das testemuñas estará reducido a dous.

2. Estalles prohibido ás administracións públicas e ás empresas que exercen servizos de necesidade pública e de utilidade pública esixir actos de notoriedade no canto da declaración substitutiva do acto de notoriedade prevista no artigo 4 da Lei do 4 de xaneiro de 1968, n. 15, cando se trata de probar cualidades persoais, estados ou feitos que sexan de coñecemento directo do interesado.

Art. 31. 1. As normas sobre o dereito de acceso ós documentos administrativos previstas no capítulo V terán efecto desde a entrada en vigor dos decretos previstos no artigo 24.

A presente lei, provista do selo do Estado, inserirase na Colección Oficial dos Actos Normativos da República italiana. Está obrigado a quen lle corresponda a observala e facela observar como lei do Estado.

ALLEGATO 1

Legge 7 Agosto 1990. N. 241: Nuove norme in materia di Procedimento Amministrativo e di diritto di accesso ai documenti amministrativi

La Camera dei deputati ed il Senato della Repubblica hanno approvato; Il Presidente della Repubblica promulga la seguente legge:

Capo I

Principe

Art. 1. 1. L'attività amministrativa persegue i fini determinati dalla legge ed è retta da criteri di economicità, di efficacia e di pubblicità secondo le disposizioni che disciplinano singoli procedimenti.

2. La pubblica amministrazione non può aggravare il procedimento se non per straordinarie e motivate esigenze imposte dallo svolgimento dell'istruttoria.

Art. 2. 1. Ove il procedimento consegua obbligatoriamente ad un'istanza, ovvero debba essere iniziato d'ufficio, la pubblica amministrazione ha il dovere di concluderlo mediante l'adozione di un provvedimento espresso.

2. Le pubbliche amministrazioni determinano per ciascun tipo di procedimento, in quanto non sia già direttamente disposto per legge o per regolamento, il termine entro cui deve concludersi. Tale termine decorre dall'inizio di ufficio del procedimento o dal ricevimento della domanda se il procedimento è ad iniziativa di parte.

3. Qualora le pubbliche amministrazioni non provvedano ai sensi del comma 2, il termine è di trenta giorni.

4. Le determinazioni adottate ai sensi del comma 2 sono rese pubbliche secondo quanto previsto dai singoli ordinamenti.

Art. 3. 1. Ogni provvedimento amministrativo, compresi quelli concernenti l'organizzazione amministrativa, lo svolgimento dei pubblici concorsi ed il personale, deve essere motivato, salvo che nelle ipotesi previste dal comma 2. La motivazione deve indicare i presupposti di fatto e le ragioni giuridiche che hanno determinato la decisione dell'amministrazione, in relazione alle risultanze dell'istruttoria.

2. La motivazione non è richiesta per gli atti normativi e per quelli a contenuto generale.

3. Se le ragioni della decisione risultano da altro atto dell'amministrazione richiamato dalla decisione stessa, insieme alla comunicazione di quest'ultima deve essere indicato e reso disponibile, a norma della presente legge, anche l'atto cui essa di richiama.

4. In ogni atto notificato al destinatario devono essere indicati il termine e l'autorità cui è possibile ricorrere.

Capo II

Responsabile del procedimento

